

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

PERMANENTES DO DÍA 24 DE NOVEMBRO DE 2009

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e catro de novembro de 2009, reúnense simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, os membros das comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva da acta da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 22 de agosto de 2009.

A) Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Patrimonio Municipal e Réxime Interior

Asistentes:

- Alcalde- Presidente: • Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE
- PSdeG-PSOE: • Dona Erundina Prado Arcay
• Don Jaime Manuel López Lisnier, por imposibilidade de asistencia de don Francisco Javier Varela Tejedor
• Dona Carmen Tato Lago
- PP: • Don Felipe Andreu Barallobre
• Don Nicolás José Cubeiro Martínez
• Don Santiago Manuel Ríos Rama
- BNG: • Don Antón Otero Domínguez
• Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo
- EU-IU: • Don Luis Miguel Taibo Casás
- GM (PG): • Don Manuel Marante Gómez, que se incorpora ás 20:10 horas

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona Mª Irache Enríquez Albaina, interventora.

B) Comisión Informativa de Urbanismo, Seguridade Cidadá e Transportes

Asistentes:

- Alcalde-Presidente: • Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE
- PSdeG-PSOE: • Dona M^a Beatriz Ramos Padín
• Don Jaime Manuel López Lisnier, por imposibilidade de asistencia de don Francisco Javier Varela Tejedor
- PP: • Don Nicolás José Cubeiro Martínez
• Don Felipe Andreu Barallobre
• Dona Goretti Pérez Eléxpuru
- BNG: • Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo
• Don Antón Otero Domínguez
- EU-IU: • Don Luis Miguel Taibo Casás
- GM (PG): • Don Manuel Marante Gómez

C) Comisión Informativa de Medio Ambiente, Obras e Servizos

Asistentes:

- Presidente: • Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG
- PSdeG-PSOE: • Dona Erundina Prado Arcay, por imposibilidade de asistencia de don Francisco Javier Varela Tejedor
• Don Jaime Manuel López Lisnier
• Dona M^a Beatriz Ramos Padín
- PP: • Don Santiago Manuel Ríos Rama
• Don Nicolás José Cubeiro Martínez
• Don Felipe Andreu Barallobre
- BNG: • Dona Gumersinda Becerra Montes
- EU-IU: • Don Luis Miguel Taibo Casás
- GM (PG): • Don Manuel Marante Gómez

D) Comisión Informativa de Educación, Deportes, Cultura, Benestar Social e Normalización Lingüística

Asistentes:

- Presidente: • Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE
- PSdeG-PSOE: • Don Erundina Prado Arcay
• Dona Carmen Tato Lago
- PP: • Dona Goretti Pérez Eléxpuru
• Don M^a Jesús González Roel
• Dona M^a Jesús Vieites Mariñas
- BNG: • Dona Gumersinda Becerra Montes
• Don Antón Otero Domínguez
- EU-IU: • Don Juan Antonio Fernández López
- GM (PG): • Don Manuel Marante Gómez

E) Comisión Informativa de Participación Cidadá, Igualdade e Turismo

Asistentes:

- Presidente: • Dona Laura Fernández Martínez, do BNG
- PSdeG-PSOE: • Dona Erundina Prado Arcay
• Dona Carmen Tato Lago
- PP: • Dona M^a Jesús Vieites Mariñas
• Dona Goretti Pérez Eléxpuru
• Don José Antonio Baamonde López
- BNG: • Don Antón Otero Domínguez
- EU-IU: • Don Juan Antonio Fernández López
- GM (PG): • Don Manuel Marante Gómez
- Non asiste, con escusa, don Francisco Javier Varela Tejedor

Asiste, como secretaria, dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria da corporación.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN,
PATRIMONIO MUNICIPAL E RÉXIME INTERIOR**

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 15 de setembro de 2009, con carácter supletorio da correspondente ao día 25 de agosto de 2009, e á sesión ordinaria do día 22 de setembro de 2009

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 15 de setembro de 2009, con carácter supletorio da correspondente ao día 25 de agosto de 2009, e á sesión ordinaria do día 22 de setembro de 2009.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos nove concelleiros presentes neste momento na sesión, aprobou os citados borradores.

2º Proposta de prórroga da delegación na Deputación Provincial da Coruña das competencias en materia de xestión tributaria e recadación

Vista a proposta de Alcaldía de data 20 de novembro actual.

O Sr. presidente expón o asunto e, ao non producirse debate, somete o asunto a votación ordinaria.

Votan a prol os tres concelleiros do PSdeG-PSOE e os dous concelleiros do BNG, e abstéñense os tres concelleiros do PP e o concelleiro de EU-IU.

A comisión, en votación ordinaria, por cinco votos a prol, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordos ao pleno da corporación:

Primeiro: Prorrogar a delegación da xestión tributaria e recadatoria na Deputación durante dez anos máis a partir do 1 de xaneiro de 2012, nas condicións establecidas nas Bases para a prestación dos servizos tributarios nos municipios que teñen delegada a xestión, recadación e inspección na Deputación, aprobadas pola propia Deputación na sesión plenaria de 21 de decembro de 2007, e nas que se establece o procedemento para a adopción do novo acordo de delegación

Segundo: Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e abrir un prazo de trinta días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación para a presentación de alegacións ao devandito acordo. De non presentarse alegacións dentro do prazo establecido, este acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

Terceiro: Trasladar o acordo definitivo á Deputación mediante certificación expedida pola secretaria do Concello, aceptando a delegación e facendo constar que o acordo municipal se axusta ás Bases sinaladas

Cuarto: Publicar o acordo no BOP e no DOGA, para xeral coñecemento, de acordo co previsto no artigo 7.2 do TRLRFL.

3º Proposta de aprobación do expediente de modificación orzamentaria de transferencia de crédito número 8/2009

Vista a proposta de Alcaldía de data 18 de novembro actual.

O Sr. alcalde expón o asunto e, ao non producirse debate, sométeo a votación ordinaria.

Faise constar que sendo as 20:10 horas, incorpórase á sesión o concelleiro don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Votan a prol os tres concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de EU-IU, e abstéñense os tres concelleiros do PP e o concelleiro do GM (PG).

A comisión, por seis votos a prol, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordos ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito por transferencia de crédito número 8/2009, por importe de 96.664,33 euros, co seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria		Crédito anterior	Transferencia positiva	Transferencia negativa	Crédito definitivo
Código	Denominación				
432.210	Reparación infraestructura urbana	95.000,00	14.000,00		109.000
451.212	Reparación centros socio culturais	5.000,00	3.000,00		8.000
412.212	Reparacións do centro de saúde	3.500,00	2.000,00		5.500
313B.22608	Actividades terceira idade	32.319,00	2.600,00		34.919
441.210	Reparación rede abastecemento e saneamento	70.000,00	16.000,00		86.000
444.22608	Actividades de Medio Ambiente	8.000,00	3.000,00		11.000
451.22608	Actividades Culturais	147.000,00	26.000,00		173.000
451.22700	Limpeza locais culturais	9.500,00	2.000,00		11.500
441.611	Outras obras saneamento e abastecemento	1.310.754,24	6.000,00		1.316.754,24
451.622	Investimentos en edificios culturais	777.536,91	22.064,33		799.601,24
011.310	Intereses	240.652,91		35.000,00	205.652,91
222.121	Retribucións complementarias policía	402.778,67		30.000,00	372.778,67
222.16000	Cuota seguridade social policía	209.429,82		16.664,33	192.765,49
111.100	Retribucións altos cargos	207.018,59		15.000,00	192.018,59
Total		3.518.490,14	96.664,33	96.664,33	3.518.490,14

Sendo no caso de investimentos os seguintes proxectos afectados:

Partida orzamentaria	Aumento	Proxecto afectado	
441.611	6.000,00	09-2-441008	Outros investimentos en saneamento e abastecemento.
451.622	16.198,38	09-2-45100203	Diversos traballos local social Brexo Lema
451.622	5.865,95	08-2-451001	Acondicionamento centro socio cultural do Graxal

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efeturar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

4º Proposta de aprobación do expediente de modificación orzamentaria de suplemento de crédito número 4/2009

Vista a proposta de Alcaldía de data 18 de novembro actual.

O Sr. alcalde expón o asunto e, ao non producirse debate, sométeo a votación ordinaria.

Votan a prol os tres concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de EU-IU, e abstéñense os tres concelleiros do PP e o concelleiro do GM (PG).

A comisión, por seis votos a prol, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordos ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito por suplemento de crédito número 4/2009 por importe de 44.218,57 euros, co seguinte detalle:

Partida orzamentaria		Importe
451.625	Mobiliario e equipamento centros socioculturais	36.691,18
451.212	Reparación de centros socioculturais	2.528,80
451.622	Investimentos edificios culturais	4.998,59
Total suplemento de crédito 4/2009		44.218,57

Sendo no caso de investimentos os seguintes proxectos afectados:

Partida orzamentaria	Aumento	Proxecto afectado	
451.625	15.817,46	09-2-451002	Mellora local social parroquia BrexoLema
451.625	7.609,88	09-2-451001	Reforma centro socio cultural de Anceis
451.625	9.703,80	09-2-432008	Mobiliario Local social de San Lorenzo
451.625	1.722,60	08-2-451001	Mobiliario Local social O Graxal
451.625	1.837,44	09-4-451005	Mobiliario Local social A Barcala
451.212	2.528,80	09-4-451005	Pintura interior local de A Barcala
451.622	4.998,59	09-2-451004	Mellora iluminación sala exposicións Xacemento romano

A devandita modificación financiarase, con cargo ao remanente líquido de tesourería.

Remanente de Tesourería para gastos xerais total resultante da liquidación de 2008	2.156.195,12
Disposto no expediente de incorporación de remanentes 1/2009	1.078.696,58

Disposto no expediente suplemento de crédito número 2/2009	340.262,36
Disposto no expediente suplemento de crédito número 3/2009 e crédito extraordinario 2/2009	255.062,95
Disposto no expediente de incorporación de remanentes 2/2009	17.800,00
Disposto neste expediente de suplemento de crédito 4/2009	44.218,57
Remanente líquido de tesourería disponible despois deste expediente	420.154,66

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efetur as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

5º Rogos e preguntas

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 15839 o día 21 de novembro actual.

1º Ante a situación de crise económica que estamos atravesando, e a consigna de austeridade no gasto que se vai extendendo polas distintas administracións públicas, parece lóxico que dende o concello se tomen medidas exemplarizantes e solidarias.

Por iso pregamos que para o vindeiro exercicio do ano 2010, se conxelen as retribucións dos cargos que se desempeñan en réxime de dedicación exclusiva e dedicación parcial, así como as retribucións do persoal de confianza nomeado polo alcalde.

O Sr. presidente contesta que cando se formalizou o pacto co BNG xa se reduciron as retribucións nun 5%, e aceptan o rogo pois parécelles unha boa medida.

2º Sobre a posibilidade de entregar os premios e realización de eventos nos locais públicos do concello co fin de evitar gastos innecesarios.

Son moitos os actos de tipo social, institucional ou protocolarios organizados polos distintos departamentos e áreas do concello. Estes actos, que podemos entendelos cando menos como necesarios, supoñen un gasto de diñeiro público.

Non nos parece exemplarizante que desde as institucións (governos, concellos, etc) se fagan declaracións sobre a necesidade de aplicar medidas de austeridade ante os momentos de crise que corremos e á primeira de cambio non exercelas.

Vendo que a situación económica actual obriga ás administracións, entre elas ao noso concello, a ser máis rigorosas no control do gasto, sen que isto repercuta negativamente nas políticas de axuda e protección aos veciños/-as.

O noso grupo municipal prega:

Que sempre que sexa posible se utilicen as dependencias municipais para a organización dos actos, e que se eliminen ou minimicen as comidas, ceas, petiscos, etc. con cargo ao diñeiro público, xa non pola contía (que tamén é importante) senón polo pouco decoroso e pola imaxe de gasto innecesario que se produce.

O Sr. presidente contesta que se acepta o rogo.

Non se presentaron preguntas por escrito.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, SEGURIDADE CIDADÁ E TRANSPORTES

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 15 de setembro de 2009, con carácter supletorio da correspondente ao día 25 de agosto de 2009, e á sesión ordinaria do día 22 de setembro de 2009

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 15 de setembro de 2009, con carácter supletorio da correspondente ao día 25 de agosto de 2009, e á sesión ordinaria do día 22 de setembro de 2009.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos dez concelleiros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

2º Rogos e preguntas

Non se presentaron rogos nin preguntas por escrito.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 15 de setembro de 2009, con carácter supletorio da correspondente ao día 25 de agosto de 2009, e á sesión ordinaria do día 22 de setembro de 2009

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 15 de setembro de 2009, con carácter supletorio da correspondente ao día 25 de agosto de 2009, e á sesión ordinaria do día 22 de setembro de 2009.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos dez concelleiros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

2º Aprobación, se procede, do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS 2010

Vista a circular procedente da excma. Deputación provincial da Coruña, rexistrada de entrada ao n.º 13054 o día 28 de setembro de 2009, respecto da elaboración do plan de obras e servizos 2010.

Visto o informe do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal de data 18 de novembro actual.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos, Participación Cidadá e Turismo de data 19 de novembro de 2009.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo expón que no documento que se presenta ao pleno inclúense importantes proxectos para o viario municipal. Recolle algunha das demandas solicitadas por todos os grupos políticos e polos veciños.

Hai asfaltados, reparación de camiños con lastre, pluviais, etc., e a única actuación urbana é unha modificación dunha beirarrúa na zona da Castellana para a eliminación de barreiras arquitectónicas.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, di que o seu grupo só ten copia de dúas follas e non ten o proxecto.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que o expediente estaba en Secretaría dende o venres, e cada un ten que sacar as fotocopias que necesite.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, engade que cando viñeron ver o expediente a funcionaria lles dixo que estaba o proxecto.

O Sr. presidente somete a votación o asunto. Votan a prol os tres concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de EU-IU, e abstéñense os tres concelleiros do PP e o concelleiro do GM (PG).

A comisión, en votación ordinaria, por seis votos a prol, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordos ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar o Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2010 no que se recollen os investimentos que o concello ten previsto realizar no POS 2010, integrado pola seguinte obra e de acordo co financiamento que se indica:

Denominación da obra	Estado+Deputación	Concello	Orzamento
ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN AMIL E OUTROS	386.594,60 €	35.624,93 €	422.219,53 €
Totais:	386.594,60 €	35.624,93 €	422.219,53 €

Segundo: Aprobar o proxecto da obra incluída na anualidade 2010 e que se relaciona no punto anterior.

Terceiro: Aprobar o Plan complementario do ano 2010 no que se inclúe a obra que a continuación se indica:

Denominación da obra	Orzamento
ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN CECEBRE E OUTROS	143.809,16 €

Cuarto: Declarar que o concello dispón dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Quinto: Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do ano 2010 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2010.

Sexto: Solicitar á excma. Deputación provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

Sétimo: Facultar expresamente ao Sr. alcalde-presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

3º Rogos e preguntas

Rogo de EU-IU presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 15837 o 21 de novembro actual.

1º Co fin de mellorar a iluminación pública na zona, o noso grupo municipal prega se instale un punto de luz á altura do número 23 A, no camiño de Castrobó en Sigrás. Existindo no lugar un poste de formigón onde se podería situar a luminaria.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, manifesta que xa falou con don Henrique Xabier Iglesias Oviedo ao respecto.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 15838 o día 21 de novembro actual.

1ª Que información ten o goberno local sobre a instalación de espellos de seguridade en San Lourenzo e nas inmediacións da igrexa esquina ao Campo da Feira, segundo solicitudes formuladas polo noso grupo en plenos anteriores.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que pasou a pregunta ao departamento de Servizos para que o analizaran e o tema de San Lourenzo levounos a engano, pensaron que era á saída da igrexa de San Lourenzo.

Segue dicindo que faltan espellos en moitos sitios. O criterio que se adoptou é colocalos unicamente cando os espellos dan accesibilidade para saír de camiños públicos a camiños públicos. O que se fixo polos técnicos é recuperar as solicitudes dos veciños para examinar cada unha delas.

Engade que é certo que hai moitos casos en que as saídas de urbanizacións ou camiños privados necesitan espellos, e nese caso daráselles autorización. Cando sexan camiños públicos intentarase poñelos onde falten e reparar os rotos.

En canto ao do Campo da Feira, don Luis Miguel Taibo Casás di que debería poñerse no adro, e en canto á saída á estación, co problema dos mirtos, haberá que comprobar e podar se é necesario.

2ª Poden informarnos e facilitarnos copia do documento final do prego de prescricións técnicas particulares, sobre o concurso de ideas para a rexeneración urbana do Campo da Feira de Cambre, e se se tiveron en conta as suxestións presentadas?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que non está elaborado o documento definitivo, xa que falta poñer o prazo de entrega, pois había dúbidas e a funcionaria que leva o tema non está. Cando dispoñan do documento definitivo entregarase.

En canto ao xurado, non hai inconveniente en que vaia un representante de cada grupo político, que era unha iniciativa de EU-IU.

Don Luis Miguel Taibo Casás engade que teñen interese en formar parte do xurado.

3ª Poden informarnos da situación en que se atopa o desenvolvemento dos proxectos das obras do FEIL, se se cumpren os prazos de execución previstos para o seu remate, e se existe algún problema para non poder utilizar moitos dos servizos que semellan estar rematados?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que son 36 proxectos e que as obras coordinadas pola sección de Servizos están todas recepciónadas, descoñecendo o estado das obras incluídas no FEIL que dependen da sección de Planeamento e Xestión.

A continuación dá lectura aos datos das obras coordinadas pola sección de Servizos, que son as seguintes:

Obra	Acta comprobación replanteo	Prazo de execución	Recepción	Director de obra
Acondicionamento do parque infantil da igrexa de San Paio de Brexo-Lema	01/04/2009	1 mes	01/05/2009	Eduardo Rodrigo Matute

Acondicionamento do monumento conmemorativo W.F.Flórez	31/03/2009	2 meses	04/05/2009	Eduardo Rodrigo Matute
Acondicionamento da fonte da igrexa de San Paio de Brexo-Lema	14/04/2009	2 meses	14/06/2009	Eduardo Rodrigo Matute
Mellora dos espazos públicos fronte á Fundación W.F.Flórez	31/03/2009	2 meses	31/05/2009	Eduardo Rodrigo Matute
Creación de zonas de xogos en Pravio	18/05/2009	1 mes	19/06/2009	Eduardo Rodrigo Matute
Mellora da seguridade viaria na estrada municipal dos Campóns	25/03/2009	2 meses	25/05/2009	Eduardo Rodrigo Matute
Instalación solar fotovoltaica en gardería da Barcala	21/05/2009	3 meses	25/08/2009	Marcelino Aurelio Díez López
Reforma do parque infantil do Graxal	18/05/2009	2 meses	18/07/2009	Eduardo Rodrigo Matute
Reforma integral do parque infantil do Temple	18/05/2009	3 meses	18/08/2009	Eduardo Rodrigo Matute
Habilitación de espazos públicos en San Lourenzo	18/05/2009	3 meses+2,5 meses	30/10/2009	Eduardo Rodrigo Matute
Abastecemento e saneamento dende Mesón Vasco ata Pazo de Barrié e no Gaiteiro	21/05/2009	3 meses+1 mes	21/09/2009	Carlos Rúa López
Abastecemento dende depósito da Castellana ata Cruceiro de Pravio AC-214	21/05/2009	3 meses+1 mes	21/09/2009	Carlos Rúa López
Abstecemento dende Volta das Carrozas ata A Barcala, fronte á de Brañas	21/05/2009	3 meses+1 mes	21/09/2009	Carlos Rúa López
4 tramos de Cecebre	21/05/2009	3 meses	21/08/2009	Carlos Rúa López
Abastecemento dende Catro Camiños despois da ponte da autoestrada ata Castros do Bosque e dende aquí ata pasar a	21/05/2009	3 meses	21/08/2009	Carlos Rúa López

ponte do ferrocarril en Apeadeiro de Cecebre AC-221				
Saneamento no núcleo de Amil	21/05/2009	3 meses+2 meses	21/10/2009	Javier Guillén
Saneamento dende Drozo a Balado, bar Centro a Balado e de Balado a Volta das Carrozas	21/05/2009	3 meses+2 meses	21/10/2009	Javier Guillén
Saneamento en Souto de Cela	21/05/2009	3 meses	21/08/2009	Javier Guillén
Iluminación pública en Coruxos	21/05/2009	2 meses+2 de prórroga	21/09/2009	Luis Medín
Iluminación pública en Meixigo	21/05/2009	2 meses+2 de prórroga	21/09/2009	Luis Medín
Iluminación pública en Pumar Méndez	21/05/2009	3 meses	21/09/2009 ao final asinouse o 31/09/2009	Luis Medín

Conclúe dicindo que todas as obras son susceptibles de ser utilizadas. Non obstante, en canto á instalación solar fotovoltaica na gardería da Barcala, pola sección de Servizos tramitouse a solicitude de posta en marcha do servizo á Xunta de Galicia, así como o contrato de mantemento das instalacións.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, pregunta cal é o motivo de que algunhas das obras non poidan ser utilizadas cando xa están terminadas, como por exemplo a iluminación pública de Meixigo, que non chegou a funcionar.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que hai algunhas obras que se teñen que complementar, e que teñen relación co expediente de modificación de créditos que se presenta.

Non obstante, as que non están funcionando é por algún trámite de tipo eléctrico, ou coas compañías instaladoras de gas, etc. A intención é poñelo todo en funcionamento á maior brevidade posible.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, DEPORTES, CULTURA,
BENESTAR SOCIAL E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 15 de setembro de 2009, con carácter supletorio da correspondente ao día 25 de agosto de 2009, e á sesión ordinaria do día 22 de setembro de 2009

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 15 de setembro de 2009, con carácter supletorio da correspondente ao día 25 de agosto de 2009, e á sesión ordinaria do día 22 de setembro de 2009.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos dez concelleiros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

2º Rogos e preguntas

Non se presentaron rogos nin preguntas por escrito.

Por último, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ, IGUALDADE E
TURISMO**

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 15 de setembro de 2009, con carácter supletorio da correspondente ao día 25 de agosto de 2009, e á sesión ordinaria do día 22 de setembro de 2009

A Sra. presidenta pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 15 de setembro de 2009, con carácter supletorio da correspondente ao día 25 de agosto de 2009, e á sesión ordinaria do día 22 de setembro de 2009.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos dez concelleiros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

2º Rogos e preguntas

Non se presentaron rogos nin preguntas por escrito.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as vinte horas e trinta minutos, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do Regulamento orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é asinada polos presidentes das Comisións Informativas, de todo o cal, eu, secretaria dou fe.

Presidente da Comisión Informativa de
Economía, Facenda, Contratación,
Patrimonio Municipal e Réxime Interior

Presidente da Comisión Informativa de
Urbanismo, Seguridade Cidadá e
Transportes

Antonio Varela Saavedra

Antonio Varela Saavedra

Presidente da Comisión Informativa de
Medio Ambiente, Obras e Servizos

Presidente da Comisión Informativa de
Educación, Deportes, Cultura, Benestar
Social e Normalización Lingüística

Henrique Xabier Iglesias Oviedo

Jaime Manuel López Lisnier

Presidente da Comisión Informativa de
Participación Cidadá, Igualdade e
Turismo

A secretaria xeral

Laura Fernández Martínez

Mª Luisa de la Red Ampudia